

CUESTIONARIO: O ESPAZO HUMANO MUNDIAL

1.- Calcula a densidade demográfica dos seguintes países.

(En caso de estar na proba, os países e os datos poden variar).

- Indica en cada caso se a densidade é alta, media, baixa ou moi baixa.

País	Superficie (km ²)	Poboación total	Densidade de poboación
Arabia Saudí	2150000	24500000	
Arxentina	2780400	38700000	
Corea do Sur	99260	48800000	
Portugal	91980	10400000	

2.- Cita os principais focos de poboación e despoboamento.

3.- Como inflúen os factores físicos na distribución da poboación?

4.- Como inflúen os factores humanos na distribución da poboación?

5.- En que consiste o movemento natural da poboación?

6.- Relaciona as seguintes columnas sobre os factores da natalidade e da mortalidade:

(de estar na proba, os conceptos poden variar).

- | | |
|----------------|--------------------------------------|
| a) Natalidade | 1- Métodos anticonceptivos |
| | 2- Hábitos de vida |
| | 3- Acceso a auga potable |
| | 4- Planificación familiar |
| | 5- Herdanza xenética |
| b) Mortalidade | 6- Aborto |
| | 7- Axudas para fomentar a natalidade |
| | 8- Dieta |
| | 9- Traballo da muller fóra do fogar |
| | 10- Maior porcentaxe de anciáns. |

7.- Calcula as taxas de natalidade, mortalidade e crecemento natural dos seguintes países:

- Indica se son altas, medias ou baixas.

(na proba poden variar os países).

	Poboación total	Nacementos	Defuncións
Senegal	9987494	378926	85592
Alemaña	82797407	774156	868544
India	1014003817	25137155	9004353

8.- Indica os grupos de poboación por idade, e en que tipo de países predominan.

9.- Que son os movementos migratorios? Como se calcula o saldo migratorio?

10.- Comenta os tipos de emigrantes atendendo a súa forma de entrada.

11.- Explica os tipos de emigrantes segundo a súa cualificación.

12.- Cales son as principais causas das migracións? Desenvólveas.

13.- Que causas motivan as emigracións exteriores?

14.- Que é o éxodo rural? A que países afecta no pasado? Por que?

15.- Cales son os principais tipos de migracións exteriores? Indica entre que países se producen.

16.- Elabora e comenta a seguinte pirámide de poboación:
(na proba, os datos poden variar).

España
(2010)

	% Hombres	% Mujeres
100+	0,01%	0,02%
95-99	0,07%	0,17%
90-94	0,30%	0,73%
85-89	1,05%	2,02%
80-84	2,08%	3,24%
75-79	3,19%	4,22%
70-74	3,49%	4,16%
65-69	4,32%	4,70%
60-64	5,11%	5,36%
55-59	5,59%	5,65%

50-54	6,63%	6,59%
45-49	7,61%	7,42%
40-44	8,48%	8,09%
35-39	9,23%	8,67%
30-34	9,03%	8,32%
25-29	7,27%	6,48%
20-24	5,84%	5,18%
15-19	5,05%	4,60%
10-14	4,75%	4,37%
5-9	5,22%	4,79%
0-4	5,68%	5,20%